

## ANEXO V

## AUTORIZACIÓN DE SOLICITUDE DE DATOS AO ISM

[Redacted], con DNI [Redacted]  
e con enderezo en [Redacted]

## E X P O Ñ O:

Que solicitei perante a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos unha axuda de carácter socioeconómico de xubilación anticipada para pescadores pola saída do sector pesqueiro.

Que AUTORIZO EXPRESAMENTE a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para solicitar perante o Instituto Social da Mariña os datos actualizados dos informes que a continuación se relacionan, que sexan necesarios e relevantes para poder tramitar a miña solicitude.

- Informe COE, acerca da idade de xubilación ordinaria, aplicados os coeficientes redutores.
- Certificado dos datos de desemprego, en que se informe de se se está percibindo ou non algunha prestación por esta causa.
- Certificado dos datos de incapacidade temporal, se é o caso.
- Cuantificación do convenio especial para o ano que corra.

, de de 20

Asdo.:

[Redacted]

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*Orde do 10 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro, para facilitar a súa participación en materia ambiental, así como a súa convocatoria para 2008.*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, segundo o establecido no artigo 11 do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se

fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, amais do Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións que, en materia de ambiente e conservación da natureza, se establecen nos artigos 27.15.º e 30.º, así como no artigo 29.4º do Estatuto de autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación, en especial na normativa sobre protección ambiental de Galicia.

A participación da cidadanía e dos sectores sociais implicados na área ambiental constitúe un dos prin-

cipios rectores da normativa existente en materia de ambiente. Neste sentido, son numerosas as normas que, nos seus diferentes ámbitos de regulación, conteñen referencias á devandita participación e colaboración. Neste sentido, as leis 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia, 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e 8/2002, de 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, fan referencia expresa a tal participación.

Unha forma adecuada de posibilitar tal participación é a través das entidades que con este fin crean os cidadáns, como instrumentos idóneos de canalización dos intereses ambientais dun determinado colectivo.

As entidades asociativas de carácter ambiental, ademais de canalizar a participación pública, poden desenvolver programas de actividades de educación, sensibilización, promoción ou defensa dos valores ambientais, actividades que conforman un complemento das actuacións na materia levadas a cabo directamente polas administracións públicas.

Co obxectivo de potenciar unha actividade estable e participativa das entidades de carácter ambiental, así como os programas de actividades de contido ambiental por elas promovidos, considérase de interese establecer unha liña de axudas específica, segundo as bases contidas nesta orde.

O seu ámbito material establece tres tipos de axudas: para gastos de funcionamento ordinario, para programas de actividades e para investimentos, limitados estes últimos ás entidades de segundo nivel en que se agrupan outras entidades de carácter ambiental, as federacións. Ademais, coa finalidade de favorecer a estabilidade da actividade destas entidades, as axudas a programas e investimentos poderán abarcar dous exercicios. Para efectos de límites e asignacións a cada tipo de axudas, dáselles un tratamento diferenciado ás federacións das asociacións.

Respecto do ámbito subxectivo, poderá acollerse a estas axudas calquera entidade sen ánimo de lucro de carácter ambiental, sendo necesaria a inscrición no rexistro administrativo regulado polo Decreto 226/2007, do 22 de novembro, polo que se crea o Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia, requisito xa previsto na disposición adicional única do referido decreto.

O réxime xeral das axudas e subvencións nesta Administración pública establécese nas disposicións básicas da Lei 38/2006, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario a normativa principal constitúea o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, no que non estea derogado por oporse as súas normas á antedita lei. Esta orde cumpre coas exixencias da precitada normativa.

De acordo co anterior, nesta orde establécense as bases dun programa de fomento das entidades sen ánimo de lucro para o financiamento das súas actividades que estean relacionadas co ambiente, así como para a realización dos investimentos necesarios na materia.

Segundo as ditas disposicións, este programa de axudas sométese ao réxime de concorrencia competitiva, aínda que tamén se prevé a posibilidade de ratear o crédito entre os solicitantes que cumpran os requisitos exixidos; será competente para resolver, por delegación específica do titular da consellería, o secretario xeral desta, por proposta dunha comisión de avaliación creada para o efecto.

Nos vindeiros exercicios, estas axudas financiaranse con cargo ás consignacións orzamentarias que, mediante disposición complementaria, se determinen anualmente, de acordo co contido da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio. Para o vindeiro ano, o devandito importe recóllese na disposición adicional primeira.

En virtude do anterior, no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Finalidade, obxecto e beneficiarios.*

1. A través desta orde regúlanse as bases e convócanse, para 2008, axudas ás entidades de carácter ambiental.

2. Para tal efecto, establécense os seguintes tipos de axudas:

a) Para gastos de funcionamento de carácter ordinario, no exercicio 2008.

b) Para a realización, nos exercicios 2008 e/ou 2009, de programas de actividades de educación, promoción, difusión e defensa dos valores ambientais en todas aquelas cuestións directamente relacionadas coas competencias da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

c) Para investimentos, que se realizarán nos exercicios 2008 e/ou 2009, destinados a dotar de infraestruturas que favorezan unha actividade estable das federacións de carácter ambiental.

3. Para os efectos desta orde, considéranse entidades de carácter ambiental as asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, así como as federacións, de polo menos tres entidades, constituídas polas anteriores, que teñan como fin primordial o estudo, conservación, promoción ou defensa dos recursos naturais e o ambiente e que como tales estean inscritas no rexistro público indicado no seguinte punto.

4. Poderán solicitar as axudas previstas nesta orde as entidades e federacións de carácter ambiental que na data de publicación da orde anual de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (no sucesivo, DOG) estean inscritas no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental creado polo Decreto 226/2007, do 22 de novembro. Tamén poderán solicitálas as entidades non inscritas pero que, con anterioridade á publicación da citada orde no DOG, presentasen a correspondente solicitude de inscrición e achegasen documentación completa prevista no artigo 3.2º do Decreto 226/2007, do 22 de novembro.

5. En ningún caso poderán ter a consideración de beneficiarias as entidades incursas nalgún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6. Os beneficiarios deberán cumprir os requisitos que se lles exixen no artigo 11 da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Artigo 2º.-*Réxime e principios de aplicación.*

1. As axudas reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

2. Non obstante, o importe do crédito destinado a subvencionar os tres tipos de axudas do artigo 1º.2, poderá ratearse entre todas as solicitudes que cumpran os requisitos exixidos, segundo o disposto no artigo 19.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando o importe das axudas solicitadas supere o dobre do crédito dispoñible.

#### Artigo 3º.-*Ámbito territorial.*

1. Con carácter xeral, as actividades deberanse levar a cabo dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Excepcionalmente, serán atendibles as solicitudes de axuda para a realización de gastos fóra do devandito ámbito territorial cando redunde en beneficio da difusión das políticas e programas ambientais desta Administración autonómica.

#### Artigo 4º.-*Ámbito material e importe.*

1. As axudas poderán acadar o 100% do custo do gasto, actuación ou investimento, establecéndose os seguintes límites:

a) Gastos de funcionamento de carácter ordinario no exercicio 2008:

Son subvencionables os gastos de persoal, alugueres, comunicacións, enerxía, mantemento, reparación e outros de carácter ordinario.

Límites:

a1) Ata 6.000 € por cada entidade.

a2) Ademais, no caso das federacións, ata 2.500 € adicionais por cada entidade federada e inscrita no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental creado polo Decreto 226/2007, do 22 de novembro, cun límite máximo de 70.000 € por federación.

b) Para a realización de programas de actividades de educación, promoción, difusión e defensa dos valores ambientais.

Poderanse subvencionar os investimentos de carácter inmaterial, tales como cursos, seminarios, demostracións, elaboración e edición de estudos, informes e publicacións, mais só os custos directos dos respectivos programas.

Límite: máximo de 10.000 € por entidade e cada un dos exercicios 2008-2009.

c) Para investimentos que realizarán as federacións de carácter ambiental:

Son subvencionables os gastos derivados da dotación de infraestruturas básicas para o desenvolvemento dunha actividade estable da entidade, tales como o acondicionamento, equipamento e mobiliario de locais para oficinas, reunións e actividades, material de transporte, ou equipos e sistemas informáticos.

Límite: ata 2.500 € por cada entidade adherida á federación e inscrita no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental creado polo Decreto 226/2007, do 22 de novembro, cun límite de 70.000 € por federación. Estas contías enténdense para cada un dos exercicios 2008 e 2009.

2. Aos importes máximos sinalados nos puntos a1) e b) aplicaráselles un coeficiente corrector de 0,8, cando o ámbito territorial da entidade sexa comarcal e de 0,7, cando sexa de ámbito local ou municipal.

3. O crédito dispoñible distribúese do seguinte xeito:

a) Para gastos de funcionamento de carácter ordinario, no exercicio 2008: 450.000 €, dos que 350.000 € se dedicarán a subvencionar os gastos do punto 1.a1) e 100.000 para o punto 1.a2) deste artigo.

b) Programas de actividades de educación, promoción, difusión e defensa dos valores ambientais: 550.000 € por anualidade.

c) Para programas de investimentos: 100.000 € por anualidade.

Dentro do mesmo capítulo orzamentario, as contías previstas nos puntos anteriores poderanse incrementar se sobrase crédito do inicialmente previsto para cada finalidade.

4. Dada a natureza dos investimentos subvencionables, estes deberán manterse afectos ao fin para o que se lle concedeu a subvención, como mínimo

durante dous anos, ao abeiro do disposto no artigo 29.4º a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

*Artigo 5º.-Criterios de valoración.*

1. As solicitudes para axudas que cumpran os requisitos establecidos, priorizaranse, para os efectos da súa aprobación.

-Tipo a). Seleccionaranse, sen prexuízo do disposto no artigo 2º.2, segundo os seguintes criterios:

i) Utilización do galego na actividade cotiá da entidade: de 0 a 10 puntos.

ii) Proxecto de actividades para desenvolver no exercicio a que corresponde a convocatoria: de 0 a 10 puntos.

iii) Contido e presentación dos orzamentos da entidade, correspondentes ao exercicio a que corresponde a convocatoria: de 0 a 10 puntos.

Como mínimo, as entidades deberán acadar 15 puntos para poderen recibir axuda.

-Tipo b). Seleccionaranse, sen prexuízo do disposto no artigo 2º.2, segundo os seguintes criterios:

i) Interese ambiental do programa: de 0 a 10 puntos.

ii) Coherencia e viabilidade técnica e económica do programa: de 0 a 10 puntos.

iii) Actividades do programa para realizar en zonas da Rede Natura 2000 ou en localidades incluídas no perímetro de parques naturais: de 0 a 10 puntos.

iv) Actividades de difusión dos programas da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: de 0 a 10 puntos.

v) Programas específicos de educación e sensibilización ambiental nos eidos da conservación dos recursos naturais, a xestión da auga, a xestión de residuos ou a sustentabilidade: de 0 a 10 puntos.

vi) Programas de actividades que impliquen a participación voluntaria activa: de 0 a 10 puntos.

vii) Pola utilización do galego na realización da actividade: 10 puntos.

Como mínimo, as entidades deberán acadar 30 puntos para poder recibir axuda.

-Tipo c). Seleccionaranse, sen prexuízo do disposto no artigo 2º.2, segundo os seguintes criterios:

i) Interese do proxecto de investimento: ata 10 puntos.

ii) Proxecto de actividades para desenvolver no exercicio a que corresponde a convocatoria: de 0 a 10 puntos.

iii) Contido e presentación dos orzamentos da entidade, correspondentes ao exercicio a que corresponde a convocatoria: de 0 a 10 puntos.

2. Para o cálculo do importe definitivo da axuda que se vai conceder, dentro de cada letra (a), b) e c)) distribuirase o crédito destinado a cada un entre o número total de puntos de todas as entidades que superasen a puntuación mínima exixida, multiplicándose o cociente obtido polo número de puntos con que se valorase cada solicitude. Non obstante, o importe máximo que se concederá non poderá superar o solicitado.

*Artigo 6º.-Solicitudes, presentación, documentación e prazo.*

1. As solicitudes, xunto coa documentación adicional requirida, poderán presentarse dos seguintes xeitos:

a) En soporte papel:

No modelo que se xunta como anexo I, que estará ao dispor dos interesados nas delegacións provinciais da consellería, así como na súa secretaría xeral, en Santiago de Compostela. Así mesmo, tamén se poderán acadar na páxina web desta consellería <http://medioambiente.xunta.es/formularios.jsp>.

Coa fin de facilitar a súa formalización, as ditas solicitudes poderán cubrirse directamente nos formularios publicados na antedita páxina web, e imprimíranse posteriormente, para os efectos da súa presentación. Así mesmo, tamén poderán cubrirse á máquina ou á man, pero neste último caso, con caracteres lexibles.

As ditas solicitudes, que se dirixirán á Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, presentaranse no rexistro xeral desta en Santiago de Compostela, ou no das súas delegacións provinciais; así como en calquera outro lugar de acordo co establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Telematicamente:

Os solicitantes que posúan certificado dixital baixo a norma X.509 V3, expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, poderán presentar a solicitude, coa documentación necesaria, transmitíndoa por vía telemática ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, mediante a citada sinatura electrónica avanzada, no enderezo da internet <http://www.xunta.es/rexistro-telemático>. Neste caso, os solicitantes deberán xuntar, ademais, unha declaración responsable de que os documentos escaneados son orixinais e auténticos, sen prexuízo de que lle poida ser requirida a exhibición do documento orixinal en calquera momento da tramitación do procedemento. O representante legal da entidade que formule a presentación telemática deberá posuír o dito certificado dixital.

3. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publi-

cación desta orde, con independencia do disposto na disposición adicional cuarta.

4. Xunto coa solicitude, en orixinal ou debidamente compulsada, deberase presentar a seguinte documentación:

\* Para axudas a gastos de funcionamento (artigo 4º.1 a)):

-Memoria acreditativa do emprego da lingua galega na actividade cotiá, de funcionamento interno e actuacións da entidade.

-Proxecto de actividades para desenvolver no exercicio a que corresponde a convocatoria.

-Orzamento detallado de previsión de gastos e ingresos correspondentes ao exercicio a que corresponde a convocatoria.

\* Para axudas a programas de actividades (artigo 4º.1 b)):

-Memoria explicativa, que incluíra, como mínimo: denominación, obxectivos, caracterización dos destinatarios, actividades para desenvolver, con previsións estimativas de datas e localidades e, de ser o caso, o compromiso de levalas a cabo en galego.

-Previsión dos medios humanos precisos para a realización do programa e das actividades.

-Orzamento detallado, por anualidades, de ser o caso.

\* Para axudas a investimentos (artigo 4º.1 c)):

-Orzamento detallado de previsión de gastos e ingresos (orzamento) correspondentes ao exercicio ao que corresponde a convocatoria.

-Proxecto de actividades para desenvolver no exercicio ou exercicios para o/s que se solicita axuda.

-Memoria detallada dos investimentos para os que se solicita a axuda, achegando, de ser o caso, facturas proforma dos de maior contía.

\* Para todo tipo de axudas:

-Acreditación da representación da persoa que actúa en nome da entidade, se non é a mesma que figura como representante daquela no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental.

-Tarxeta de identificación fiscal (CIF).

-NIF do presentador da solicitude.

-Ficha bancaria de terceiros, segundo modelo que se anexa, cando se solicite un anticipo.

-Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou percibidas para a mesma finalidade de calquera administración pública ou entidade destas dependentes, no modelo que se xunta como anexo III.

\* Ademais, para as solicitudes presentadas por federacións:

-Documentación acreditativa do número de entidades federadas nela.

5. Non obstante o disposto no punto anterior, cando algún dos documentos que se vaian presentar conste xa en poder de calquera órgano da Xunta de Galicia, o solicitante poderá indicar na súa solicitude, en vez de achegar directamente a documentación, o órgano ou dependencia en que esta se presentou ou, de ser o caso, a que emitiu o documento, sempre que non transcorresen xa cinco anos desde a finalización do procedemento a que se achegase, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6. De todos os xeitos, ao abeiro do establecido no parágrafo terceiro do artigo 20.3º da devandita lei, a presentación da solicitude polo interesado comportará a autorización á Secretaría Xeral da consellería para solicitar as certificacións de non ter débedas coa Administración pública da comunidade autónoma, así como de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os investimentos de importe superior aos 1.500 €, segundo o disposto no artigo 45.1º f) da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008; requisitos que, de ser o caso, deberán comprobarse antes de efectuar a proposta de resolución, así como da tramitación do pagamento.

7. Non obstante o disposto no punto anterior, o solicitante poderá denegar, expresamente na solicitude, o consentimento para que a secretaria xeral solicite dos anteditos órganos a certificación acreditativa de tales requisitos.

Neste caso, coa solicitude abondará con achegar unha declaración responsable (anexo VI) de que non se teñen débedas coa facenda autonómica e de que se está ao día no cumprimento das obrigas fiscais coa facenda estatal e coa Tesouraría da Seguridade Social, pero antes da proposta de resolución e do pagamento, deberá acreditar os devanditos extremos a través dos respectivos certificados.

8. A presentación da solicitude comportará igualmente a autorización á secretaria xeral para incluír os datos achegados no rexistro administrativo regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, a que se alude no artigo 11º.3 desta orde.

Mais, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando conorra algunha das causas previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7º.-*Tramitación.*

1. O Servizo de Xestión Orzamentaria, como ins-  
trutor do procedemento (artigo 21.1º da Lei 9/2007,  
do 13 de xuño), revisará as solicitudes recibidas e a



documentación achegada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non se achegar toda a necesaria, requirirá o solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos precisos, advertíndolle que, en caso contrario, se arquivará sen máis trámite a súa solicitude, ao considerarse que desiste dela, ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, segundo resolución que para o efecto se dite, consonte o establecido no artigo 42 da mesma disposición.

No expediente deberá figurar un informe do devandito órgano instrutor, acreditativo de que, segundo a documentación que conste no seu poder, se desprende que os posibles beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para poder acceder ás subvencións.

2. Completados os expedientes, poranse ao dispor da comisión de avaliación para o seu informe, segundo os criterios de valoración fixados no artigo 5º desta orde, do que elevarán a correspondente proposta de resolución ao secretario xeral, órgano competente para resolver.

3. A devandita comisión estará integrada polo vicesecretario xeral, que a presidirá e por un funcionario adscrito a cada unha das direccións xerais da consellería, designados polo secretario xeral, por proposta dos respectivos directores xerais.

Se algún dos seus membros non puidese participar nunha sesión daquela por calquera causa, será substituído por un funcionario para o efecto designado polo titular do centro directivo a que pertenza o ausente.

4. Cando se teñan en conta na tramitación das solicitudes outros feitos, alegacións ou probas, distintas das achegadas polo solicitante, o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión de avaliación, formulará proposta de resolución provisional que lles notificará aos interesados, dándolles un prazo de 10 días para formular alegacións. Unha vez transcorrido o dito prazo sen que se formulasen alegacións, entenderase aquela aceptada tacitamente.

5. No caso de que non se dea o suposto previsto no punto anterior, ou, de darse, unha vez estudadas as alegacións formuladas, a proposta de resolución provisional converterase en definitiva.

A dita proposta definitiva notificaráselles aos interesados no suposto establecido no punto 4) deste artigo.

#### Artigo 8º.-*Resolución e recursos.*

1. Realizados os trámites procedementais oportunos de instrución e avaliación, segundo o disposto no artigo anterior e na normativa procedementa de xeral aplicación, en especial a relativa ás subvencións públicas, logo de fiscalización do gasto, o secretario xeral ditará, de xeito motivado, a resolución que en dereito proceda, que debe conter a relación dos solicitantes a que se lles concede axuda, así

como, de ser o caso, a desestimación do resto das solicitudes, en senllos anexos a ela.

2. O prazo para resolver será de cinco meses desde a publicación desta convocatoria.

3. A resolución ditada segundo o disposto no número 1 deste artigo pon fin á vía administrativa e contra ela cabe interpor, ao abeiro do establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, recurso contencioso administrativo, segundo o establecido na devandita disposición, no prazo de dous meses desde a recepción da notificación da resolución ditada.

Non obstante, tamén caberá a interposición de recurso administrativo de reposición, ante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no prazo dun mes desde a recepción da notificación da resolución contra a que se recorran.

4. Transcorrido o prazo indicado no parágrafo 2 sen que se notifique resolución expresa, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes, segundo o disposto no artigo 23 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da obriga de resolver expresamente as solicitudes presentadas, de conformidade co previsto no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses desde que rematase o prazo para resolver e notificar.

Ademais, tamén caberá a interposición, en vía administrativa, de recurso potestativo de reposición, nos tres meses seguintes ao remate do prazo para resolver.

5. Os solicitantes que posúan certificado dixital baixo a norma X.509 V3, expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, poderán presentar o antedito recurso potestativo de reposición, coa documentación necesaria, transmitíndoo por vía telemática ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, mediante a citada sinatura electrónica avanzada, no enderezo da internet <http://www.xunta.es/rexistro-telematico>. Neste caso, os recurrentes deberán xuntar, ademais, unha declaración responsable de que os documentos escaneados son orixinais e auténticos, sen prexuízo de que lles poida ser requirida a exhibición do documento orixinal en calquera momento da tramitación do recurso. O representante legal da entidade que formule telematicamente o recurso deberá posuír o dito certificado dixital.

6. Notificada a resolución definitiva de concesión, os solicitantes propostos como beneficiarios terán un prazo de dez días para a aceptación da axuda, entendéndose que esta se produce de modo tácito se no

antedito prazo non se producise manifestación expresa en sentido contrario.

#### Artigo 9º.-*Reformulación da solicitude.*

Nas solicitudes de axuda para a realización de actividades, cando o importe para conceder, segundo a proposta de resolución, provisional ou definitiva, segundo os casos, sexa inferior ao solicitado, porase tal extremo en coñecemento do interesado, para que no prazo de dez días este poida reformular a súa solicitude e axustar os compromisos e as condicións á subvención outorgable.

En todo caso, a dita reformulación deberá respectar o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os parámetros de valoración establecidos e que serviron de base para a valoración da solicitude orixinaria.

#### Artigo 10º.-*Anticipos.*

1. Ao abeiro do disposto no artigo 31.6º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións e no artigo 16.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, poderán efectuarse anticipos nos seguintes supostos:

-Para investimentos e programas de actividades: por resolución motivada do secretario xeral, por petición do interesado, cando a actuación requira pagamentos inmediatos, poderase conceder un anticipo de ata o 50% do importe subvencionado en cada anualidade.

-Para gastos ordinarios de funcionamento: para as axudas que non superen os 6.010 €, poderase acordar na resolución de concesión un anticipo de ata o 50% do importe concedido.

No caso de se superar o antedito importe, o dito anticipo será dun 10%, se así o solicita o interesado e se aporta, xa coa solicitude, xustificación dos gastos en que xa se incorrise, ou en que se incorrerá de modo inmediato e que demandan un financiamento anticipado.

2. No caso das subvencións concedidas para investimentos e programas de actividades, cando o importe dos anticipos supere os 30.051 €, será obrigatoria a constitución de garantía mediante seguro de caución ou aval solidario que abarque, como mínimo, ata o 31 de xaneiro do ano seguinte ao exercicio en que se concede o anticipo.

A dita garantía deberá cubrir o importe do aboamento anticipado, máis os xuros deste, calculados segundo o tipo de xuro legal do diñeiro vixente para o exercicio no que este se solicite (en 2008, o 5,50%), entre a data da solicitude e as indicadas no parágrafo anterior.

Presentarase diante da Secretaría Xeral no prazo de quince días desde a notificación da resolución de concesión.

#### Artigo 11º.-*Publicidade.*

1. A secretaría xeral publicará no taboleiro de anuncios dos servizos centrais da consellería a relación que conteña os extremos indicados no artigo 15.2º c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Ao abeiro do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible publicará no DOG as subvencións concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se lle imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. Igualmente, farase na páxina web oficial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, segundo o artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

A presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación.

Non será necesaria a publicación nos supostos previstos no artigo 15.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos no suposto previsto na letra d) do parágrafo 2º do devandito artigo 15.

3. As resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro Público de Subvencións dependente da Consellería de Economía e Facenda, a que fai referencia o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, sen prexuízo do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos incorporados a este poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado e segundo a autorización do solicitante que figura no número 3 do anexo I desta orde.

No suposto de que a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas segundo a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á hora, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, este poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos.

4. O beneficiario terá a obriga de publicitar a axuda concedida en toda actividade subvencionada durante a súa realización da mesma, así como nos anuncios e programas previos, de ser o caso, á súa realización e, de ser o caso, nas publicacións, segundo se dispón no artigo 15.3º da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Pola mesma razón, tamén deberá pór un cartel, en lugar ben visible, preferentemente no acceso ao

recinto, no caso das subvencións concedidas para investimentos materiais.

*Artigo 12º.-Modificación da resolución de concesión.*

Calquera alteración das condicións que motivaron a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras concedidas polas demais administracións públicas ou entes dependentes delas, así como por entes privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o disposto no artigo 16.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

*Artigo 13º.-Compatibilidade.*

1. As axudas establecidas nesta orde serán compatibles con outras que, para a mesma finalidade, concedan outras administracións públicas ou entes delas dependentes; así como por entidades privadas.

Non obstante, serán incompatibles con calquera outra con cargo ao orzamento da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

2. En todo caso, a obtención de axudas concorrentes non poderá superar o custo total da actividade ou investimento. En caso de que se superase este, o importe da axuda minorarase o necesario para non superar este límite.

*Artigo 14º.-Xustificación e aboamento.*

1. Unha vez efectuado o investimento ou realizado o gasto ou a actividade, o beneficiario deberá solicitar o aboamento do importe da axuda (anexo V) logo de xustificación, en documentación orixinal ou copia compulsada, segundo os casos:

-Facturas orixinais.

-Contrato de traballo, nóminas e documentos de cotización á Seguridade Social.

-De ser o caso, acreditación do importe, procedencia e aplicación, dos fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, destinados ao obxecto subvencionable.

-Xustificación de ter solicitado tres ofertas no caso de subvencións solicitadas para subministracións, asistencias, servizos, cando a adquisición supere os 12.000 €, ao abeiro do disposto no artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Neste suposto, deberase achegar unha memoria en que se xustifique o motivo de selección da oferta escollida.

-De ser o caso, acreditación de realización en lingua galega da actividade subvencionada ou da actividade ordinaria da entidade, mediante declaración do representante legal, acompañada dun exemplar do estudo elaborado, carteis e demais soportes publicitarios utilizados, documentación dos relatos ou documentos internos da entidade, ..., segundo proceda.

-Ficha de transferencia bancaria, no modelo que se xunta como anexo IV.

2. Ademais, deberán presentar declaración adicional do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, para os efectos do establecido nos dous artigos precedentes.

3. A data máxima para a xustificación será o 30 de novembro de 2008 e 2009, para investimentos; e do 5 de decembro de 2008, para os gastos de funcionamento.

4. Para os efectos do disposto no artigo 27.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, permitirase a subcontratación total da actividade obxecto da subvención, agás cando, aumentando o custo da actividade subvencionada, non achegue valor engadido ao seu contido.

5. Se o custo xustificado da actividade ou investimento fose inferior ao que figura na resolución de concesión, manterase a axuda pero diminuírase proporcionalmente o seu importe, sempre que coa parte realmente executada se poida entender cumprida a finalidade da subvención.

6. Terá a consideración de gasto realizado, para os efectos do disposto no artigo 29.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o xustificado a través dos documentos indicados no número 1) deste artigo, sen que haxa que acreditar o aboamento previo do seu importe. Non obstante, a secretaría xeral poderá solicitar en calquera momento que o beneficiario acredite, no prazo de dez días desde a recepción do requirimento, o efectivo pagamento dos gastos xustificadas.

7. Xustificación telemática: os solicitantes que posúan certificado dixital baixo a norma X.509 V3, expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, poderán presentar a xustificación, coa documentación necesaria, transmitíndoas por vía telemática ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, mediante a citada sinatura electrónica avanzada, no enderezo da internet <http://www.xunta.es/rexistro-telemático>. Neste caso, os solicitantes deberán xuntar, ademais, unha declaración responsable de que os documentos escaneados son orixinais e auténticos, sen prexuízo de que poida ser requirida a exhibición do documento orixinal en calquera momento da tramitación do procedemento. O representante legal da entidade que formule a presentación telemática deberá posuír o dito certificado dixital.

*Artigo 15º.-Información e control.*

1. Os solicitantes e beneficiarios quedan sometidos ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



2. Ademais, deberán facilitarlle á secretaría xeral da consellería toda a información e documentación complementaria que esta estime precisa para a concesión ou aboamento do importe da subvención.

3. Os beneficiarios deberán conservar, para os efectos de comprobación e control, os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos polo menos durante cinco anos desde o derradeiro pagamento.

4. Nas subvencións ás federacións, para activos tanxibles superiores a 60.000 €, no seu cómputo individual, deberase proceder á comprobación material do investimento pola secretaría xeral, do que quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante daquela como da federación.

#### Artigo 16º.-*Revogación.*

O incumprimento das obrigas asumidas polo beneficiario levará consigo o reintegro do importe percibido, xunto cos xuros de demora, ao abeiro do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 17º.-*Infraccións e sancións.*

1. O réxime de infraccións e sancións ao establecido nesta orde é o previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O procedemento sancionador será o establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### *Disposicións adicionais*

##### Primeira.-*Financiamento.*

1. As axudas establecidas nesta orde financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias que a seguir se indican, nas cales existe crédito axeitado e dabondo para o efecto:

-15.01.541 A 481.0: 450.000 € na anualidade de 2008.

-15.01.541 A 781.0:

\* 2008: 650.000 €.

\* 2009: 650.000 €.

2. Poderase acordar, segundo as disponibilidades orzamentarias do momento, o incremento do crédito inicial establecido nesta convocatoria, tramitando o oportuno expediente orzamentario de xeración, ampliación ou incorporación de crédito, de conformidade co artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

##### Segunda.-*Contía das axudas e anualidades.*

Para posteriores convocatorias anuais, o importe das axudas, así como a súa distribución en anualida-

des e entre os distintos programas, que nesta figuran no artigo 4º, determinarase na respectiva orde de convocatoria.

##### Terceira.-*Delegación de funcións.*

Deléganse no secretario xeral as funcións do titular da consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para conceder ou denegar as axudas obxecto desta orde, contida no seu artigo 8º.1.

##### Cuarta.-*Convocatorias sucesivas.*

No caso de que, atendidas as solicitudes presentadas nesta convocatoria houbera un remanente de crédito, poderase reabrir o prazo, tantas veces como se estime oportuno, ata esgotar a consignación orzamentaria, por orde publicada no *Diario Oficial de Galicia*, para a presentación de novas solicitudes, logo de informe da Intervención Delegada.

#### *Disposición transitoria*

Única.-Non obstante o disposto no artigo 1º.4 desta orde, as asociacións inscritas no Rexistro de Asociacións Protectoras do Ambiente, creado polo Decreto 88/1987, do 14 de abril, poderán acollerse a esta convocatoria mentres non remate o prazo de seis meses que lles dá a disposición transitoria do Decreto 226/2007, do 22 de novembro, para inscribirse no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental nel creado, sempre que cumpran algún dos dous requisitos seguintes:

-Teñan solicitada a inscrición neste último rexistro e achegada toda a documentación requirida segundo a devandita disposición transitoria do Decreto 226/2007, do 22 de novembro, cando presenten a solicitude da axuda.

-Acheguen, xunto coa solicitude de axuda, a documentación que se cita na disposición transitoria do Decreto 226/2007, do 22 de novembro, excepto a correspondente ao punto e).

#### *Disposicións derradeiras*

##### Primeira.-*Desenvolvemento.*

Facúltase o secretario xeral para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta orde.

##### Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2008.

Manuel Vázquez Fernández  
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E  
 DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*ANEXO I*

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA FACILITAR A SÚA PARTICIPACIÓN EN MATERIA AMBIENTAL</b>  <input type="checkbox"/> <b>GASTOS ORDINARIOS DE FUNCIONAMENTO</b> <input type="checkbox"/> <b>PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES</b> <input type="checkbox"/> <b>INVESTIMENTOS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MA406A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE (S-1)</b>
---	---	--------------------------------------

**1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE**

DENOMINACIÓN		CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		NIF	
ENDEREZO			
TELÉFONO	PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL

**DATOS DO RESPONSABLE POR PARTE DA ENTIDADE OU PERSOA DE CONTACTO**

NOME		
POSTO QUE DESEMPEÑA	TELÉFONO	FAX
ENDEREZO ELECTRÓNICO		

Don/Dona \_\_\_\_\_ en calidade de \_\_\_\_\_  
 da entidade citada,

**SOLICITA SUBVENCIÓN PARA:**

GASTOS DE FUNCIONAMENTO \_\_\_\_\_ (importe)  
 PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES \_\_\_\_\_ (importe)  
 INVESTIMENTOS \_\_\_\_\_ (importe)

**SOLICITA ANTICIPO PARA:**

GASTOS ORDINARIOS DE FUNCIONAMENTO  
 PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES \_\_\_\_\_ (importe)  
 INVESTIMENTOS \_\_\_\_\_ (importe)

**DECLARA QUE:**

- A esta solicitude xúntaselle a documentación que se especifica no dorso.
- Non se incorre na causa de incompatibilidade sinalada nas bases reguladoras.
- Acepta someterse ás actuacións de comprobación e control previstas na normativa de aplicación.
- No caso de obter unha axuda, daralle a publicidade axeitada segundo o establecido na orde de convocatoria.
- Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

**AUTORIZA A SECRETARÍA XERAL DA CAMDS:**

1.- A comprobar, para as axudas a investimentos, o cumprimento, pola entidade, das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda pública da Xunta de Galicia.  
 2.- A incluír e facer públicos, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas, segundo o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

**NON AUTORIZA** A SECRETARÍA XERAL da CMADS a comprobar, para as axudas a investimentos, o cumprimento, pola entidade, das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Facenda pública da Xunta de Galicia, polo que presenta DECLARACIÓN RESPONSABLE acerca do cumprimento dos anteditos extremos (anexo VI).



**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA\***

**1.- PARA TODO TIPO DE AXUDAS (ORIXINAL OU COMPULSADA)**

- ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN (se non é a mesma persoa que a ten segundo a carta fundacional ou os estatutos)
- NIF DO PRESENTADOR DA SOLICITUDE
- CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE
- MEMORIA EXPLICATIVA RESUMIDA (ANEXO II) E MEMORIA COMPLEMENTARIA (facer referencia ás circunstancias para ter en conta como criterio de valoración, ao abeiro do artigo 5º desta orde)
- DECLARACIÓN DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS /PERCIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE (ANEXO III)
- DE SER O CASO, DOCUMENTO ADICIONAL, NO CAL INDICA EN QUE DEPENDENCIA DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA SE ATOPA CADA UN DOS DOCUMENTOS REQUIRIDOS PARA XUNTAR COA SOLICITUDE (ARTIGO 6º.8 desta orde)
- DECLARACIÓN RESPONSABLE (anexo VI) DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL, AMAIS DE NON TER DÉBEDAS COA FACENDA AUTONÓMICA (só no caso de que non se lle autorizase á Secretaría Xeral da CMADS para comprobar tal extremo)
- ACREDITACIÓN DOCUMENTAL DO NÚMERO DE ENTIDADES FEDERADAS (para as solicitudes presentadas polas federacións)

**2.- ADEMAIS, PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO**

- MEMORIA ACREDITATIVA DO EMPREGO DA LINGUA GALEGA
- PROXECTO DE ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER NO EXERCICIO
- ORZAMENTO DETALLADO DE PREVISIÓN DE GASTOS E INGRESOS NO EXERCICIO

**3.- ADEMAIS, PARA ACTIVIDADES**

- MEMORIA EXPLICATIVA (QUE INCLÚA O CONTIDO MÍNIMO INDICADO NO ART 6º.4)
- PREVISIÓN DOS MEDIOS HUMANOS PRECISOS PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA
- ORZAMENTO DETALLADO DA ACTIVIDADE, POR ANUALIDADES, DE SER O CASO

**4.- ADEMAIS, PARA INVESTIMENTOS**

- ORZAMENTO DETALLADO DE PREVISIÓN DE GASTOS E INGRESOS NO EXERCICIO
- PROXECTO DE ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER NO EXERCICIO OU EXERCICIOS PARA OS QUE SOLICITA AXUDA
- MEMORIA DETALLADA DOS INVESTIMENTOS
- PROXECTO/ANTEPROXECTO OU MEMORIA VALORADA PARA AS OBRAS E FACTURA PRO FORMA EN ADQUISICIÓNS OU SERVIZOS

**5.- ADEMAIS, PARA A PRESENTACIÓN TELEMÁTICA**

- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE OS DOCUMENTOS ESCANEADOS SON ORIXINAIS E AUTÉNTICOS

**6.- NO CASO DE SOLICITARSE ANTICIPO**

- MEMORIA XUSTIFICATIVA DO IMPORTE SOLICITADO E OS MOTIVOS EN QUE SE FUNDAMENTAN
- FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA (ANEXO IV)

\* A solicitude, así como a documentación en cada caso exigible, deberá achegarse por duplicado exemplar, en orixinal ou copia compulsada, segundo os casos.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 10 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro, para facilitar a súa participación en materia ambiental, así como a súa convocatoria para 2008.</i></p> <hr/> <p>SINATURA DO REPRESENTANTE</p> <p style="text-align: center;">, de de</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 70%; padding: 5px;">RECIBIDO</td> <td style="width: 30%; padding: 5px;">NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td style="height: 40px;"></td> <td style="padding: 5px;">_____</td> </tr> <tr> <td style="padding: 5px;">REVISADO E CONFORME</td> <td style="padding: 5px;">DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td style="height: 40px;"></td> <td style="padding: 5px;">____/____/____</td> </tr> <tr> <td style="padding: 5px;"></td> <td style="padding: 5px;">DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td style="padding: 5px;"></td> <td style="padding: 5px;">____/____/____</td> </tr> <tr> <td style="padding: 5px;"></td> <td style="padding: 5px;">DATA DE SAÍDA</td> </tr> <tr> <td style="padding: 5px;"></td> <td style="padding: 5px;">____/____/____</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE		_____	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA		____/____/____		DATA DE EFECTOS		____/____/____		DATA DE SAÍDA		____/____/____
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE																
	_____																
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA																
	____/____/____																
	DATA DE EFECTOS																
	____/____/____																
	DATA DE SAÍDA																
	____/____/____																



EXPEDIENTE

**MEMORIA (S-2)**

ENTIDADE SOLICITANTE

[Empty text box for the applicant entity name]

**MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE DA ENTIDADE, ACCIÓN OU INVESTIMENTO \***

TIPO DE GASTOS ORDINARIOS DE FUNCIONAMENTO

[Empty text box for type of ordinary expenses]

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO

[Empty text box for investment denomination]

OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN

[Empty text box for objectives]

CUSTO TOTAL:

[Empty text box for total cost]

DECLARACIÓN SOBRE AS CIRCUNSTANCIAS PUNTUABLES COMO CRITERIOS DE VALORACIÓN:

- 1.- [Empty text box]
- 2.- [Empty text box]
- 3.- [Empty text box]
- 4.- [Empty text box]
- 5.- [Empty text box]
- 6.- [Empty text box]
- 7.- [Empty text box]
- 8.- [Empty text box]
- 9.- [Empty text box]
- [Empty text box]
- [Empty text box]
- [Empty text box]

OS DITOS EXTREMOS DEBERÁN ACREDITARSE DE XEITO FIDEDIGNO, para que se poidan valorar.

\* Pode continuar en folia á parte



EXPEDIENTE

**DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES**

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_  
solicitante dunha axuda en representación da entidade \_\_\_\_\_  
para,  GASTOS ORDINARIOS DE FUNCIONAMENTO  INVESTIMENTOS  PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES  
ao abeiro da Orde do \_\_\_\_\_, declara que, nas datas que a seguir se relacionan, presentou   
solicitude/s e foi / fóronlle concedida/s, se é o caso, as seguinte/s axuda/s para o mesmo fin:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		CONTÍA €
	SOLICITUDE	CONCESIÓN <sup>(1)</sup>	
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

<sup>(1)</sup> No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA.

NON TER SOLICITADO NIN, EN CONSECUCENCIA, TERLLE SIDO CONCEDIDA NINGUNHA AXUDA PARA O MESMO FIN DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible



EXPEDIENTE

**FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA**

TITULAR DA CONTA _____		DNI/CIF _____	
ENDEREZO _____			
PROVINCIA _____	LOCALIDADE _____	CÓDIGO POSTAL _____	TELÉFONO _____

**DATOS DA CONTA**

CÓDIGO DO BANCO _____	CÓDIGO DA SUCURSAL _____	DÍXITOS DE CONTROL _____	CÓDIGO DA CONTA _____
ENTIDADE FINANCIERA _____		ENDEREZO _____	
PROVINCIA _____	LOCALIDADE _____	CÓDIGO POSTAL _____	

**CERTIFICO:**

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura do/a solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible





EXPEDIENTE

## SOLICITUDE DE ABOAMENTO

## 1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
REPRESENTANTE LEGAL		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
TELÉFONO	PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## DATOS DO RESPONSABLE POR PARTE DA ENTIDADE OU PERSOA DE CONTACTO

NOME		
<input type="text"/>		
POSTO QUE DESEMPEÑA	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>		

Don/Dona  en calidade de

da entidade citada,

**SOLICITA: o aboamento do importe da axuda concedida para**

- GASTOS ORDINARIOS DE FUNCIONAMENTO  
 PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES  
 INVESTIMENTOS

**e para tal efecto PRESENTA, segundo os casos:**

- No caso de non autorizar a Secretaría Xeral para solicitar os correspondentes certificados: certificacións de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como de no ter débedas coa facenda autonómica.  
 Declaración sobre as axudas solicitadas/concedidas para a mesma finalidade.  
 Un exemplar do estudo realizado/ Un exemplar da memoria da actividade realizada, ou do investimento feito.  
 Declaración sobre a subcontratación total de actividade e valor engadido que a mesma achega.  
 Xustificación de ter presentado polo menos tres ofertas (artigo 13º.1 desta orde).  
 Facturas orixinais.  
 Copia compulsada das nóminas e contratos de traballo.  
 Copia compulsada dos documentos de cotización á Seguridade Social, TC1 e TC2.  
 Ficha de transferencia bancaria (anexo IV)



EXPEDIENTE

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona , con DNI

en nome e representación da entidade

con domicilio social en

e CIF nº  para os efectos da tramitación dunha solicitude de axuda ao abeiro da orde de 2008, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro para facilitar a súa participación en materia ambiental, así como a súa convocatoria para o 2008.

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

1º.- Que a dita entidade non incorre nas circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, de prohibición da obtención da condición de beneficiario.

2º.- Que nesta data se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, e non ten débedas coa facenda da Xunta de Galicia, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.

Para que conste e para os efectos oportunos asina esta declaración en

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Orde do 12 de xuño de 2008 pola que se ditan, con carácter permanente, normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Decreto 106/1994, do 21 de abril, da Xunta de Galicia, e na Orde do 5 de outubro de 1994, do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, pola que se regula a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas, e se convocan estas axudas para o exercicio de 2008.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29.1º, de acordo co 149.1º, 7º da Constitución española, recolle como competencia propia desta comunidade autónoma a execución da lexislación básica do Estado en materia laboral, asumíndose os servizos e funcións inherentes a través do Decreto 117/1982, do 5 de outubro, en materia de traballo e o Decreto 168/1984, do 15 de novembro, relativo á unidade administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo.

Na orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 5 de outubro de 1994 regúlase a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social de persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.

A dita norma adecúa a regulación destas axudas consonte as causas de extinción de contratos de traballo previstas nos artigos 51 e 52.c) do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

No Decreto 106/1994, do 21 de abril, establécese o réxime xeral das axudas e subvencións en materia de ámbito laboral e mellora das condicións de traballo que poderá conceder a Consellería de Traballo ao que se axustarán as ordes anuais da convocatoria delas, baixo os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvol-